



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López

Rúa Doantes de Sangue, 1- 36400 O Porriño

Correo: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/>

Teléfono: 886 110433



Á ATENCIÓN DOS PAIS/NAIS DOS ALUMNOS DO COLEXIO

- As familias poderán exercer o seu dereito a reclamar as cualificacións os días 27 e 28 de xuño ante a dirección do centro. A **normativa** de referencia para este procedemento é a seguinte:
 - Ordes polas que se establecen a ordenación e ou currículo e se regula a avaliación das distintas etapas educativas na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - [Orde do 3 de maio de 2023](#) pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O día 1 de xullo expóranse na entrada do centro as **listaxes** provisionais de **adxudicación de libros** do programa “fondo libros” dos alumnos de **3º, 4º de Educación Primaria**. Os días 2 e 3 de xullo serán para posibles reclamacións e o día **4 de xullo** publicaranse as **listaxes definitivas**. Para máis información consultar a [Orde do 7 de maio](#) (DOG 20/05/2024).
- As familias do alumnado de **6º de Educación Primaria** que promocionan ao Instituto pasarán polo colexio o día 4 ou de 5 de xullo en horario de 10:00 h. a 13:00 h. a **recoller o historial académico** do seu fillo/a.
- **Entrega de vales.**

As familias que solicitaron os vales de material para toda Primaria e de libros para 1º e 2º de Primaria, poderán recollelos os días 9, 10 e 12 de xullo. Para evitar aglomeracións no colexio, entregaranse repartindo os cursos nos tres días.

Os niveis aos que se fan referencia son os do vindeiro curso.

Día 9 1º e 2º de Educación Primaria.

Día 10 3º e 4º de Educación Primaria.

Día 12 5º e 6º de Educación Primaria.

Ademais, quen non poida facelo nas datas establecidas en xullo, **poderán recoller os seus vales en setembro.**

Unha vez que o solicitante estea en posesión do correspondente vale poderá adquirir os libros no establecemento que libremente escolla, polo importe máximo que figure no vale. No momento da compra o solicitante deberá asinalo e entregalo no establecemento.

Os vales non poden ser fraccionados, é dicir o importe total de cada un só pode ser utilizado nun único establecemento.

En caso de extravío do vale, o colexio non poderá expedir un duplicado.

- **O curso 2024/25 comezará o mércores día 11 de setembro de 2024 . O horario será o mesmo que o do curso actual.**

A entrada ao centro farase do seguinte xeito:

- Alumnado de 6º de E.P. ás 09:00 Portalón do pavillón cuberto.
- Alumnado de 5º de E.P. ás 09:15 Portalón do pavillón cuberto.
- Alumnado de 4º de E.P. ás 09:30 Portalón do pavillón cuberto.
- Alumnado de 3º de E.P. ás 09:45 Portalón do pavillón cuberto.
- Alumnado de 2º de E.P. ás 10:00 Portalón rúa A. Palacios.
- Alumnado de 1º de E.P. ás 10:15 Portalón rúa A. Palacios.
- Alumnado de E.I. 5 anos ás 10:30 Cancela pista descuberta.
- Alumnado de E.I. 4 anos ás 10:45 Cancela pista descuberta.

NOTA: Pregamos que co fin de facilitar a entrada d@s alumn@s ao colexio, non se amontonen nas portas ata as horas antes especificadas.

Alumnado de 4º de Educación Infantil (3 anos)

Todas as familias quedan convocadas a unha reunión o día 3 de setembro ás 10:00 no centro, co fin de informar sobre o período de adaptación e dar pautas específicas para o comezo do curso.

O Porriño a 25 de xuño de 2024.

A Directora.



Rosa María Bafadrón Iglesias

